



ASEIA Asociación para a Saúde Emocional na Infancia e Adolescencia

MEMORIA DA ACTIVIDADE

“ENQUISA SOBRE SAÚDE EMOCIONAL NA FAMILIA”

(Abril 2014, Ourense)





1. PRESENTACIÓN:

Durante o "Paseo da Saúde" celebrado na cidade de Ourense o pasado mes de abril, organizado pola Concellería de Saúde do Concello de Ourense, ASEIA (Asociación para a Saúde Emocional na Infancia e Adolescencia) realizou un achegamento á poboación Ourense a través da aplicación dunha "Enquisa de Saúde Emocional" dirixida a pais, nais e fillos/ás, cuxo obxectivo principal foi identificar aqueles temas que a poboación Ourense considera necesario para favorecer a prevención da saúde emocional e a promoción de hábitos emocionalmente saudables na infancia e a adolescencia.

Na enquisa participou un total de 117 familias ourensás.

O obxectivo principal da enquisa foi identificar aqueles temas que a poboación Ourense identifica que son necesarios para favorecer a prevención da saúde e a promoción de hábitos saudables na infancia e a adolescencia.

2. CUESTIONARIO PARA PAIS/NAIS:

Entre os resultados obtidos destaca que un 81% de pais e nais consideran necesario recibir información sobre "a prevención da violencia, entre iguais, na parella e intrafamiliar", seguido pola prevención das condutas aditivas, o desenvolvemento afectivo sexual dos/as fillos/as e a adquisición das competencias parenterais necesarias para favorecer o desenvolvemento evolutivo dos seus fillos e fillas.

Non obstante, se ben é certo que a totalidade da mostra de pais e nais consideran necesario que existan na comunidade programas ou servizos aos que poder acudir para recibir información e apoio no coidado e educación dos/as fillos/as e demais familia, tan só o 42% de pais e nais recibiron información sobre a prevención e promoción da saúde na infancia e a adolescencia a través de profesionais da educación, sendo a vía documental (libros, artigos, internet,...) a máis utilizada, nun 60% da mostra.

3. CUESTIONARIO PARA ADOLESCENTES/MOZOS:

En canto aos datos solicitados entre a poboación adolescente/mozos/as (N=74), cabe destacar varios aspectos. En primeiro lugar, e en relación ao tipo de mostra, destacar que a gran maioría de adolescentes que se achegaron a cubrir o cuestionario eran mulleres (81%), ben porque había máis visitantes femininas no paseo da saúde, ben porque eran estas as que máis




interese amosaban respecto do posto de ASEIA. O rango de idades dos/as adolescentes/novos participantes nesta sondaxe é moi variado, pero a maior parte da mostra encontrábase comprendida entre os 17 e 23 anos de idade.



En segundo lugar, os datos relativos aos temas que consideran do seu interese tamén resultan bastante interesantes. Unha gran maioría dos/as mozos/as confiren moita importancia aos temas formulados (sexualidade 33,80%; Conflitos entre iguais 27,03%; Adiccións 44,60%; Novas tecnoloxías 40,55%), non obstante tamén resulta moi significativo e mesmo inquietante canto menos, que unha alta porcentaxe considere 0 importantes temas tan de actualidade entre os mozos e as mozas como son os conflitos entre iguais e as adiccións, conferíndolles un 18,92% e un 22,97% respectivamente. Cando se lles pregunta que outros temas consideran de interese para eles, os máis repetidos son a saúde, o emprego, a formación, o ocio, o tema do abuso de alcohol entre os/as mozos/as, os malos tratos. Algúns deles nomean tamén o aborto, a ecoloxía, a política e as redes sociais.

En relación á cuestión de con quen falan sobre estes temas, a gran maioría (máis do 60%) afirma recorrer ao consello de amigos, aínda que é certo tamén que moitos deles nomean pais/as e profesores/as (en menor medida) como persoas de confianza coas que falar.

Finalmente, no cuestionario fórmulaselles se estarían interesados en recibir información sobre os temas expostos e a gran maioría marca o máximo interese: sexualidade 35,13%; Conflitos entre iguais 21,62%; Adiccións 35,13%; Novas tecnoloxías 35,13%. Desexarían recibir información tamén en temas como: malos tratos, saúde e formación, e propoñen como tipos de actividades óptimas para iso: charlas, terapias de grupo, dinámicas de grupo, talleres e o uso das novas tecnoloxías e as artes.

4. RESULTADOS:







5. ANEXOS

CUESTIONARIO PARA NAIS E PAIS

1. Relación co neno/a ou o adolescentes:

- Pai
- Nai
- Outro.....

2. Idade do neno/a ou o adolescente:

- Menos de 10 anos
- Máis de 10 anos

3. Presentámosche unha lista de temas relacionados coa prevención da saúde e a promoción de hábitos saudables na infancia e na adolescencia. Elixe ata catro temas que che resulten de maior interese:

- Patróns de crianza
- Desenvolvemento afectivo-sexual
- Prevención da violencia
 - Entre iguais
 - De parella
 - Intrafamiliar
- Prevención de Condutas aditivas
- Manexo das novas tecnoloxías
- Prevención da delincuencia
- Outros.....

4. ¿Onde acostumas a recibir información sobre estes temas?

- Familiares
- Amizades
- Profesionais da educación
- Documentación (libros, artigos,...)
- Internet
- Outros profesionais.....

5. No caso de que houbera na comunidade programas ou servizos onde obter información e apoio no coidado e educación do teu fillo/a e demais familia, ¿acudirías?



- Si
 No

6. Suxestións sobre actividades que consideras poderían resultar beneficiosas para o axeitado exercicio das funcións parentais.

.....
.....
.....
.....

Grazas pola túa colaboración.

CUESTIONARIO PARA ADOLESCENTES

1. IDADE:

2. SEXO:

3. Puntúa de 0 a 5 a importancia que teñen para ti os seguintes temas:

- | | |
|--|---|
| <input type="checkbox"/> Sexualidade | <input type="checkbox"/> Adiccións e drogas |
| <input type="checkbox"/> Conflitos con outros adolescentes | <input type="checkbox"/> Novas tecnoloxías |

4. ¿Qué outros temas consideras de interese para ti e os adolescentes coma ti?

.....
.....

5. Con quen falas normalmente destes temas? (subliña a opción u opcións)

6.

- | | |
|---------------------|--------------------------------------|
| Sexualidade: | Pais / Amigos / Profesores / Outros: |
| Adiccións e drogas: | Pais / Amigos / Profesores / Outros: |
| otros adolescentes: | Pais / Amigos / Profesores / Outros: |
| conflitos con pais: | Pais / Amigos / Profesores / Outros: |
| profesores: | Pais / Amigos / Profesores / Outros: |
| Novas tecnoloxías: | Pais / Amigos / Profesores / Outros: |
| Outros temas: | Pais / Amigos / Profesores / Outros: |

7. Gustaríache recibir información sobre estes temas (puntúa de 0 a 5)

- | | |
|--|---|
| <input type="checkbox"/> Sexualidade | <input type="checkbox"/> Adiccións e drogas |
| <input type="checkbox"/> Conflitos con outros adolescentes | <input type="checkbox"/> Novas tecnoloxías |





Outros:.....

8. ¿Qué tipo de actividades che gustaría que se realizaran no teu centro escolar en relación a estes temas?

.....
.....
.....

Grazas pola túa colaboración